



ADMISIÓN DE ALUMNADO PARA O CURSO 2023-24

A admisión do alumnado nos centros públicos educativos para o curso 2022-23 axustarase á lexislación e proceso que se indican:

1.- NORMATIVA REGULADORA DE ADMISIÓN

- DECRETO 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 11/02/2022)
- ORDE do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 8/11/22)
- Instrucións da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

2.- OFERTA DE POSTOS ESCOLARES DISPOÑIBLES:

Cursos de Educación Infantil		Cursos de Educación Primaria	
Postos dispoñibles	(1)	Postos dispoñibles	(1)
Cuarto (3 anos)..... 25	3	Primeiro..... 9	0
Quinto (4 anos)..... 0	0	Segundo..... 3	0
Sexto (5 anos)..... 2	0	Terceiro..... 14	0
		Cuarto 0	0
		Quinto 9	0
		Sexto 15	0

(1) Postos escolares a disposición da comisión de escolarización para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (art. 2, punto 3 da Orde do 21 de outubro de 2022, DOG do 8 de novembro)

3.- ÁREA DE INFLUENCIA E IES DE ADSCRICIÓN DO CENTRO

A zona de influencia deste Centro, ao obxecto de aplicar a puntuación que corresponda por proximidade do domicilio ou do centro de traballo, comprende **as localidades de Meicende, Nostián e Borroa, e pola Travesía de Pastoriza os seguintes nº: pares a partir do 130 e impares desde o 163.**

Aos efectos de continuidade dos estudos da ESO, **o Centro está adscrito ao IES Pastoriza.**

4.- XORNADA DE PORTAS ABERTAS

A xornada de portas abertas terá lugar o luns, 6 de marzo, a partir das 6 da tarde. Faremos un percorrido polo centro desde a entrada e resolveranse as dúbidas máis comúns.

5.- PRAZOS DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As solicitudes de admisión presentaránse mediante o formulario normalizado a través da aplicación de xestión do proceso “admisionalumnado”- <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado> (require sinatura dixital). Tamén poden presentarse na Secretaría do centro no horario establecido (recoller en conserxería ou descargar da web). O prazo de presentación abrangue **do 1 ata o 20 de marzo** e deben acompañarse do documento acreditativo de idade (libro de familia ou DNI).

A presentación dos xustificantes dos criterios de baremación serán necesarios cando o número de solicitudes supere ao de prazas ofertadas e tamén, cando non se autorizase na solicitude, para a consulta automática dos datos. A non presentación e non autorizar a consulta automática, suporá a renuncia explícita a ser baremado nos criterios correspondentes. O prazo de presentación desta documentación será de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao remate do prazo para presentar as solicitudes de admisión.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP SAN XOSÉ OBREIRO

Travesa de Meirás, s/n, Meicende
15140 Arteixo (A Coruña)
Tfno: 881 880 214 / Fax: 881 880 216
ceip.sanxose.obreiro@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanxoseobreiro

galicia

6.- CRITERIO COMPLEMENTARIO

De conformidade co disposto no artigo 9º. 3. i) do Decreto 254/2012 (DOG do 26 de decembro), por criterios complementarios, este centro **concede 1 punto** polo pedimento en primeiro lugar dun centro de ensino público no impreso de solicitude.

7.- PUBLICACIÓN DA LISTAXE DO ALUMNADO ADMITIDO

- **Antes do 25 de abril:** Publicación da resolución **provisional** de admitidos e non admitidos. A listaxe ou listaxes que se publiquen terán carácter provisional e poderán ser obxecto de reclamación ante o Consello Escolar do Centro no prazo de cinco días hábiles.

- **Antes do 15 de maio:** Publicación da resolución **definitiva** de admitidos e non admitidos. Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante o responsable da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade no prazo dun mes.

8.- PRAZO PARA A FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

Unha vez resoltas as posibles reclamacións, **o alumnado admitido no Centro formalizará a súa matrícula na Secretaría do Centro, do 20 ao 30 de xuño.** Se finalizado o prazo de matrícula non se tivese formalizado esta, teráselle por decaído no dereito á praza obtida.

9.- HORARIO DO CENTRO E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

As actividades lectivas desenvólense en horario de 09:00 a 14:00 horas.

Os servizos complementarios que ofrece o Centro son:

- **Transporte escolar : Nunha liña única Pastoriza- Nostián- Meicende.**

- **Servizo de Madrugadores e Comedor Escolar:** Organizados e xestionados pola ANPA do Centro en horario de 07:30 a 09:00 horas e de 14:00 a 16:00 horas respectivamente. (Teléfono ANPA: 605 54 57 29).

- **Actividades extraescolares: Organizadas polo Concello de Arteixo, de 16:00 a 18:00.**

10.- INFORMACIÓN IMPORTANTE

A solicitude será única e vinculante, poderá conter ata seis centros, por orde de preferencia, e presentarase no centro indicado en primeiro lugar. A instancia de admisión poderá asinala calquera das persoas titulares da patria potestade, cando se refiran a fillos/as común dun matrimonio non separado legalmente.

No caso de separación ou divorcio requírese a sinatura dos dous titulares, agás que a patria potestade estea atribuída a un deles con carácter exclusivo, ou que exista situación de violencia de xénero. En ambos casos, será necesario presentar xunto coa solicitude de admisión a resolución xudicial correspondente para o seu cotexo polo centro educativo.

O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.

Meicende, 28 de febreiro de 2023

A secretaria

Vto. e Prace.
O director,

Asdo.: Marta Ponte Marín

Asdo.: F. Manuel Gesto Pan